

## **MEMORIA PROPOSTA PARA A CONVOCATORIA, POLO PROCEDEMENTO DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE UNIDADE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E RÉXIME INTERIOR DA VIXENTE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA INSTITUCIÓN DO VALEDOR DO POBO.**

A Valedora do Pobo é a alta comisionada do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución, estendéndose a súa actividade á tutela dos dereitos individuais e colectivos emanados do Estatuto de Autonomía.

O artigo 10 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo establece o réxime do persoal da institución, determinando que o persoal ao seu servizo, dependerá orgánica, funcional e disciplinariamente da Valedora do Pobo. O persoal ao servizo da Institución, segundo establece o mesmo artigo, deberá reunir a condición previa de funcionario ou funcionaria de calquera das administracións públicas e poderá ser adscrito á oficina por libre designación, segundo a relación de postos de traballo.

O posto de Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior, que figura na vixente relación de postos de traballo (BOPG nº 596, do 24 de xaneiro de 2020) co número 11, atópase na actualidade cuberto por un funcionario en Comisión de servizos.

As funcións do dito posto consisten na xestión contable da Institución (registro e comprobación de facturas, contabilización, ordes de transferencia ás entidades bancarias, aplicación do pago en contabilidade e arquivo, entre outras), confección de arqueos mensuais, altas, baixas, seguimento e control do inventario de bens, elaboración e tramitación dos documentos contables e garantías dos expedientes de contratación, altas, baixas e xestión dos seguros de vida e accidentes do persoal e do plan de pensións, tramitación e pagamento das axudas sociais do persoal, apoio na elaboración do borrador do anteproxecto de orzamentos da Institución, apoio na tramitación da documentación administrativa e económica das comisións de servizo do persoal que impliquen desprazamento fora da localidade, confección e contabilización da nómina de

altos cargos, persoal eventual, persoal funcionario e bolseiro da Institución, confección das liquidacións do IRPF e ingreso na conta da Facenda Pública, altas, baixas, incapacidades temporais, ingresos de cotizacións á seguridade social, MUFACE, MUGEJU e Dereitos Pasivos, arquivo e custodia de documentos (contabilidade, arqueo, nómina, Seguridade Social, Muface e dereitos pasivos), apoio ao Rexistro de entrada e saída da Institución, e calquera outra función que, sendo propia da súa categoría profesional se lle encomende.

Dada a necesidade de cobertura do citado posto de traballo, estímase procedente proceder á súa adscrición mediante o procedemento de libre designación (artigo 29 do Estatuto de Persoal do Parlamento), que é a forma de provisión prevista para este posto na vixente relación de postos de traballo da Institución do Valedor do Pobo.

En consecuencia,

**PROPONSE,**

A aprobación da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de Unidade de Asuntos Económicos e Réxime Interior da Institución conforme ás bases que se detallan no documento anexo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Santiago González Serrano  
**Xefe do Servizo de Administración e Persoal**

**EXCMA. SRA VALEDORA DO POBO**